

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003001	IES Nº 1	O Carballiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	4º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A) CONTEXTUALIZACIÓN:

A sociedade actual caracterízase por profundos e constantes cambios a varios niveis: sociáis, culturais, tecnolóxicos, económicos e cambios que ocorren a un ritmo vertixinoso, que nos afectan na vida cotiá e aos que non podemos permanecer alleos.

A Educación é un dos piares fundamentais nos que se asenta unha sociedade sostible, esta ten o poder de contribuir a forxar cidadáns coas capacidades e destrezas necesarias para facer fronte a estas novas demandas. É unha gran responsabilidade preparar a sociedade do futuro, eses que hoxe se sentan nas aulas, fronte as transformacións que se necesitan.

Trala situación da pandemia pola COVID-19, a crise producida a nivel mundial non foi só de saúde ou economía, senón tamén en outros ámbitos da vida das persoas (relacións persoais, equilibrio emocional, hábitos...), e mostrounos tamén unha preocupante realidade acerca da nosa relación co entorno e o medioambiente, quedando en evidencia que existe una fráxil relación de interdependencia do ser humano coa natureza (Unesco, 2020).

A Educación Física, non pode quedar á marxe deste contexto social esixente en termos de formación integral. Os nosos principais eixes de acción, o corpo e o movemento teñen un enorme potencial como instrumentos de desenvolvemento cognitivo e motriz, a través da exploración persoal e do entorno; así como mecanismos de relación que melloran as competencias sociais e afectivas. Considérase necesario tamén o desenvolvemento de actitudes críticas e activas, para dar resposta fronte a fenómenos de deterioro da saúde física e psíquica: consumo de drogas, malos hábitos alimenticios, crecemento do estrés, empobrecemento das habilidades sociais e motrices, sobreutilización e uso desmedido das novas tecnoloxías, aspectos estes, con estreita vinculación co sedentarismo, a coñecida enfermidade do século XXI.

Contextualizando as características do alumnado á que vai dirixida a programación podemos destacar a maiores os seguintes aspectos:

1. Unha cada vez maior porcentaxe de incorporación de alumnado extranxeiro e procedente doutras rexións de España, os cales adoitan presentar diferentes niveis de formación (en xeral os procedentes de países americanos cun menor rendemento académico, menor base de coñecementos e diferentes hábitos).
2. Unha menor bagaxe e experiencia motriz sobre todo a raíz da Pandemia COVID, no que a porcentaxe de abandono de práctica deportiva e física veuse incrementado.
3. Unha cada vez maior dependencia das redes sociáis e dunha insana conectividade.
4. Incremento de diversas doenzas e patoloxías na poboación adolescente, tanto a nivel físico (problemas respiratorios, alérxicos, osteoarticulares, sobrepeso, metabólicos) como psíquicos (ansiedade, depresións, fobias, problemas de concentración e atención, problemas sociáis de integración)

Todo isto tradúcese en un gran esforzo por parte dos docentes en intentar satisfacer as necesidades educativas do alumnado e chegar a dar resposta a tanta diversidade e heteroxeneidade.

B) O nº de grupos para 4º ESO é de 3 grupos, un total de 73 alumnos/as.

C) Non existen repetidores pero si 2 alumnos coa materia pendente do curso anterior.

D) Existen varios alumnos/as con patoloxías que lles afectan para o desenvolvemento das clases e para os procesos de aprendizaxes, pero que se resolverán con pequenas adaptaciónes inespecíficas.

E tamén existe un alumno cunha adaptación curricular específica debido a unha doenza grave que lle imoide a realización de calquer tipo de actividade de intensidade moderada e aquelas nas que exista risco de golpes. Dita ACE xa está entregada a inspección.

E) As características das instalacións onde realizar a labor docente son as propias e necesarias para tal efecto, salvo as relativas á unha axeitada temperatura ambiental, xa que nos pavillón non se conta cun sistema de calefacción no inverno.

F) As características da contorno son moi positivas para a práctica docente.

G) A lingua na que se imparte a asignatura é o Galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COÑEZO O MEU CORPO E DESCUBRO AS SÚAS POSIBILIDADES	U.D. centrada no desenvolvemento da condición física e da capacidade de relaxación a través do traballo da forza e flexibilidade, tendo como base un traballo de resistencia no primeiro caso e de técnicas de relaxación e respiración así como de automasaxe. Tamén se afondará na estrutura da sesión do adestramento: o quecemento específico e na volta á calma.	35	25	X		
2	MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES E SEGURIDADE 1	U.D. encamiñada ao incremento da bagaxe e habilidades físico- deportivas, tanto de carácter individual como colectivo. Así mesmo se afondará nos aspectos de seguridade, prevención e actuación ante accidentes. (Primeiros Auxilios)	30	20		X	
3	MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES E COIDO A MIÑA SAÚDE 2	U.D. encamiñada ao incremento da bagaxe e habilidades físico-deportivas de carácter colectivo.. Así mesmo se desenvolverán contidos relacionados cos mitos e falsas crenzas sobre a actividade física e do deporte.	35	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COÑEZO O MEU CORPO E DESCUBRO AS SÚAS POSIBILIDADES	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	1. Identificar e executar axeitadamente estiramientos para o desenvolvemento da flexibilidade. 2. Identificar nos exercicios de forza e de flexibilidade os músculos traballados, o sistema de adestramento e tipo de forzae flexibilidade. 3. A sesión de adestramento: o quecemento e volta á calma.	PE	25
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar de xeito autónomo e activo quecemento específicos, aplicando e executando as fases e exercicios axeitados en cada ocasión		
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Manter unha actitude de inclusión cara calquer tipo de actividade que se realice, evitando alusión sexistas ou baseadas en estereotipos.		
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Utiliza con responsabilidade e seguridade as tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento da clases.		
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	1. Acadar os baremos mínimos nas probas establecidas para a valoración da condición física. 2. Executar axeitadamente os exercicios traballados para o desenvolvemento da flexibilidade e da forza aplicando as pautas e principios de adestramento deportivo.	TI	75
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa e colabora de xeito activo na organización e execución das actividades propostas, amosando iniciativa e implicación no proceso e execución das mesmas.		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	1. Observa e respecta o uso de material e instalacións para diminuír o risco de lesións e accidentes. 2. Respecta os regulamentos e pautas na execución para minimizar lesións e accidentes tanto propios como alleos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	1. Acadar os baremos mínimos nas probas establecidas para a valoración da condición física. 2. Executar axeitadamente os exercicios traballados para o desenvolvemento da flexibilidade e da forza aplicando as pautas e principios de adestramento deportivo.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	1. Mantén actitude crítica ante calquer manifestación antideportiva. 2. Avoga pola inclusión e integración antes que polo resultado. 3. Busca a satisfacción a través do xogo limpo e deportividade.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	mantén unha actitude de respecto e integración con todos/as compañeiros/as da clase, rexeitando calquer manifestación de discriminación por motivos de rendemento motor, identidade sexual, orixe, nivel económico, aspecto físico...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Autoavaliación das capacidades físicas (como requisito previo á planificación): probas de valoración. - Autorregulación e planificación do adestramento. - Educación postural: movementos, posturas e estiramentos ante dores musculares. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Planificación e autorregulación de proxectos motores:

Contidos

- Establecemento de mecanismos para rexistrar e controlar as achegas realizadas polos integrantes do grupo ao longo dun proxecto.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións:
 - Procura de adaptacións motrices para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
- Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia):
 - Sistemas de adestramento.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: profundización, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte.

UD	Título da UD	Duración
2	MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES E SEGURIDADE 1	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Baloncesto: Coñece o regulamento, historia e evolución do baloncesto, así como a cancha (liñas e zonas) a composición do equipo, postos dos xogadores e características.	PE	24
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Baloncesto: Coñece o regulamento, historia e evolución do baloncesto, así como a cancha (liñas e zonas) a composición do equipo, postos dos xogadores e características.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	1. Identifica e executa axeitadamente estiramientos para o desenvolvemento da flexibilidade. 2. Identifica nos exercicios de forza e de flexibilidade os músculos traballados, o sistema de adestramento e tipo de forzae flexibilidade. 3. A sesión de adestramento: o quecemento e volta á calma.	TI	76
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realiza de xeito autónomo e activo quecementos específicos, aplicando e executando as fases e exercicios axeitados en cada ocasión		
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Coñece os protocolos básicos de actuación ante accidentes e lesións depeortivas: Protocolo PAS, manobra Hemlich, Posición Lateral Seguridade, RCP, tratamento básico de lesión deportivas como escorreduras, golpe de calor, contusións, perda de coñecemento...		
CA2.2 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Utiliza con responsabilidade e seguridade as tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento da clases.		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa e colabora de xeito activo na organización e execución das actividades propostas, amosando iniciativa e implicación no proceso e execución das mesmas.		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	1. Observa e respecta o uso de material e instalacións para diminuír o risco de lesións e accidentes. 2. Respecta os regulamentos e pautas na execución para minimizar lesións e accidentes tanto propios como alleos.		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Baloncesto: Domina as técnicas básicas de baloncesto: bote, pase, recepción, desprazamentos, paradas en 1 e 2 tempos, lanzamentos e entradas a canastra e posicionarse de xeito correcto no campo en función das situación de ataque-defensa.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Baloncesto: Supera as probas de avaliación (circuito dominio técnico) seguindo as pautas establecidas e tempos de execución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Amosa iniciativa e implicación no traballo e tarefas tanto individual como grupal		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mantén actitude crítica ante calquer manifestación antideportiva. 2. Avoga pola inclusión e integración antes que polo resultado. 3. Busca a satisfacción a través do xogo limpo e deportividade. 		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Mantén unha actitude de respecto e integración con todos/as compañeiros/as da clase, rexeitando calquer manifestación de discriminación por motivos de rendemento motor, identidade sexual, orixe, nivel económico, aspecto físico...		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Mantén unha actitude de inclusión cara calquer tipo de actividade que se realice, evitando alusión sexistas ou baseadas en estereotipos.		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comba: Executa secuencias e saltos individuais básicos aplicando as técnicas traballadas e seguindo as pautas marcadas dentro dos baremos de cualificación. 2. Executa coreografías de comba grupais con/sin base musical. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización.

Contidos

- Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores:
 - Establecemento de mecanismos para rexistrar e controlar as achegas realizadas polos integrantes do grupo ao longo dun proxecto.
 - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade.
- Actuacións críticas ante accidentes:
 - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
 - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
 - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
- Toma de decisións:
 - Procura de adaptacións motrices para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
 - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
 - Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.
 - Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.
 - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices nun contexto de práctica: integración do esquema corporal e toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: profundización, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte.
- Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.

Contidos
- Organización de espectáculos e eventos artístico-expresivos.

UD	Título da UD	Duración
3	MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES E COIDO A MIÑA SAÚDE 2	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Coñece diferentes falsas crenzas e actitudes peligrosas sobre a actividade física: orixe e tratamento das maniotas, a perda da graxa e sudoración, traballo de hipertrofia.. etc..	PE	25
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	1. Coñece o regulamento básico así como os aspecto técnico-tácticos do voleibo. 2. Coñece a cancha de volei a composición do equipo, xogadores e características, secuencia básica de xogo. 3. Coñece a historia, orixe e evolución do volei como deporte colectivo.		
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	1. Realiza de xeito autónomo e activo queceamento específicos e voltas á calma, aplicando e executando as fases e exercicios axeitados en cada ocasión.	TI	75
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participa e colabora de xeito activo na organización e execución das actividades propostas, amosando iniciativa e implicación no proceso e execución das mesmas.		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	1. Observa e respecta o uso de material e instalacións para diminuír o risco de lesións e accidentes. 2. Respecta os regulamentos e pautas na execución para minimizar lesións e accidentes tanto propios como alleos.		
CA3.1 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Utiliza con responsabilidade e seguridade as tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento da clases.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Executa as acción técnico-tácticas básicas básicas do voleibol de acordo cos baremos establecidos: saque, toque de man baixa (recepción), toque de dedos (pase colocación), amosando unha mellora no control, execución, eficacia... nas habilidades requeridas.		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplica o regulamento de voleibol e as técnicas traballadas en situación real de xogo ou en situación xogadas modificadas e adaptadas ao seu nivel		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Executa de xeito eficaz e creativo as diferentes tarefas propostas para a avaliación		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Amosa iniciativa e implicación no traballo e tarefas tanto individual como grupal		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mantén actitude crítica ante calquer manifestación antideportiva. 2. Avoga pola inclusión e integración antes que polo resultado. 3. Busca a satisfacción a través do xogo limpo e deportividade. 		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Mantén unha actitude de respecto e integración con todos/as compañeiros/as da clase, rexeitando calquer manifestación de discriminación por motivos de rendemento motor, identidade sexual, orixe, nivel económico, aspecto físico...		
CA5.1 - Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Valora as diferentes manifestacións deportivas e lúdicas propias da comunidade galega e locais. Recoñece diferentes xogos tradicionais e deportes de arraigo na comunidade, sobre todos aqueles relacionados co entorno.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	1. Implícase na realización de quecementos e exercicios de volta á calma de xeito autónomo e responsable. 2. Aplica as pautas e principios do quecemento e volta á calma de xeito responsable e individualizado.		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	1. Realiza os diferentes xogos de busca de tesouros e rastrexo respectando o regulamento e mantendo unha actitude de conservación e mellora do entorno natural. 2. Coñece e aplica as técnicas de orientación como uso do plano e compás.		
CA6.3 - Diseñar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	1. Diseña e organiza xogos de rastrexo e busca en colaboración cos compañeiros/as. 2. Aplica protocolos e normas para o uso e conservación do medio natural durante a realización dos mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación saudable. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Prácticas insás perigosas, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. - Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Suplementación e dopaxe no deporte. - Riscos e condicionantes éticos. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Esixencias e presións da competición. - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais. - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Planificación e autorregulación de proxectos motores:

Contidos

- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións:
 - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
 - Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.
 - Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.
 - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices nun contexto de práctica: integración do esquema corporal e toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: profundización, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
